

RAIDA
RODRÍGUEZ
MOSQUERA

MÁQUINA
Ð
GUERRA

estaleiroeditora. *poesía*

MÁQUINA
Ð
GUERRA

RAIDA
RODRÍGUEZ
MOSQUERA

MÁQUINA
Ð
GUERRA

estaleiroeditora. *poesía*

Raida Rodríguez Mosquera,
Estaleiro Editora, 2009

Asociación Cultural Estaleiro
estaleiroeditora@gmail.com
www.estaleiroeditora.org




Revisión e corrección:
Marcos Abalde Covelo

Deseño e maquetación:
X. Carlos Hidalgo

ISBN 978-84-613-0684-8
Depósito Legal: S-2009-xxxx
Impresión: Publidisa



Esta licenza permite copiar, distribuír, exhibir os textos
e imaxes deste libro sempre que se cumpran as seguintes condicións.

-  Autoría e atribución: Deberá respectarse a autoría
indicando o nome do autor e da editora.
-  Non derivados: Non se pode alterar, transformar, modificar
ou reconstruír os textos nin as imaxes.
-  Non comercial: Non pode empregarse este traballo
con fins comerciais

ÍNDICE

— intención [p.11] — proxecto de min (e outras) [p.17]
— situacionismo [p.33] — nubes que caen en silencio
como Ingeborg Bachmann [p.45] — (ningún) universo
poético [p.53] — principios da vida nómade [p.69] —

*para Manuel e Chus, na xénese
para Carles-Lluís, no presente erguido contra o horizonte*

INTENCIÓN

«Nunca hai que preguntar que quere dicir un libro, nun libro non hai nada que comprender, só hai que preguntarse con que funciona, en que multiplicidades introduce e metamorfosea a súa, con que corpos sen órganos fai converxer o seu»

DELEUZE-GUATTARI

**comecei a miña viaxe na procura dunha palabra que fose
imposíbel de ser dita**

e así pasei varios anos, subida ao tellado da casa, recitando
versos de Hölderlin.

chámome «ter unha boneca», «e xogar a desfacer nós», «e
desexar o mundo como un conxunto desordenado»

podo habitar no caos, no rasgamento que supón
ter unha voz
e empregala,
mais non concibo a linguaxe como habitáculo, senón como
ruptura, como perda

de aí a ausencia de lóxica binaria no meu discurso: porque non
habito en ningunha casa,
porque medrei nos tellados e nas leiras,
esas nas cales de cando en vez sucede algo extraordinario:
a cor verde da paisaxe confúndese coa negrura das almas
provocando alteracións perceptivas a todos os habitantes
da aldea

(sempre é alguén quen significa, é obvio, mais non
necesariamente os esquemas de quen nomea e de
quen significa o nomeado han de responder á mesma
cosmovisión)

palabra é igual a abertura, acontecemento, ferida aberta que
constitúe a necesidade da comunicación.

**NON PODO PRETENDER QUE OS MEUS ANIMAIS
INVADAN O MUNDO!**

... daquela, será posíbel crear illas na propia conciencia?
(de tal xeito que dicir «home-peixe» signifique, por exemplo,
que unha parte de nós mesmas é acuática, que somos
anfíbias en tanto que vivimos continuamente na
estación das chuvas)

e no pasado, nos lugares comúns, eses que percorremos unha e
outra vez
até devorarmos a nós mesmas para construírmos un exército de
fantasmas

os animais que acho non teñen casa, nin eu a teño, somos
nómades,
amamos as metáforas (as máquinas de guerra)
perdémonos polas congostas do «mellor dos mundos
posíbeis»,
inventamos un espazo onde a comunicación sexa «o mellor dos
alimentos posíbeis»

por exemplo, respondermos perante a ausencia de referentes
para dicir «pobo»:
tribo, conxunto de illas separadas por un mar de espellos, cada
un dos cales reflicte o Outro como «impostor», como
«inimigo», como «irmán», como «amigo»
(seica me instalei moi tarde na Verdade, no momento en que
xa non ficaban suficientes cuartos «propios»)

non, non é posíbel recuperar a amplitude da paisaxe
sen molestar os que soñan ao amparo das pedras

(a consigna é clara e cómpre darse présa)

des-habitar o poema des-territorializar a linguaxe
des-habitar o poema des-territorializar a linguaxe

lanzarse á conquista da exterioridade

PROXECTO DE MIN
(E OUTRAS)

Preludio: os zapatos e dentro deles os pés, as incontábeis liñas do triángulo... (desde dentro, desfacéndose para o exterior, a linguaxe, o demo da linguaxe: os chicles de menta –de mentira)

EU-ELA (a vexetación, as cousas)

EU-ELA: continuo a acreditar na realidade da paisaxe, aínda que no canto de ollos teñamos vidros irrompíbeis insensíbeis ás mudanzas na atmosfera e á sucesión lineal dos acontecementos, insensíbeis por tanto a calquera cousa que habite na superficie e non sexa considerada na súa dimensión ontolóxica

EU-ELA: de ser certo o anterior, daquela non hai máis mundos posíbeis, nin máis cómodos salóns onde sexa necesario deixar fóra o propio corpo para poder meterse dentro. na inutilidade de calquera acción, de calquera indumentaria que oculte a atracción pola nada.

(iso, malia ser eu tan melancólica:

na contemplación da verdade sempre é preciso situarse de xeito estratéxico)

EU-ELA: todos os corpos constitúense como u-topía, como aínda-ningún-topoi.

(no exterior do triángulo, os vértices espallados, a agonía da deslocación)

EU-ELA (na punta dos dedos): sei tanto sobre as formas da impureza, sobre os pecados da carne, que dime como podo pensar en alimentarme?

(como se aínda puidese haber en min algo semellante a un
receptáculo)

a afirmación da propia identidade perpetúase na loita de
contrarios. o verdadeiro significado da derrota reside aquí:
na deconstrución do propio corpo, mais tamén e sobre
todo

na deconstrución dos corpos alleos.

os corpos, esas entidades abstractas, esas xeometrías perfectas,
esas viaxes no tempo que tan ben escenificamos:

COMO SE AÍNDA FOSE POSÍBEL DESLOCARSE

(non houbo flores para ningún transeúnte)

a iniciación á construción de cidades é como a iniciación ao fracaso:

mesmo así, contemplación significa algo?

namorarse por exemplo dun verbo intransitivo, que delicioso o sabor a vertixe nos beizos, a impotencia de amar!

como se un fose o derradeiro ser humano

obviamente non caer –na ilusión de ser obxectivamente humano–

sabor a que?

tan doado é abrir a boca como executar unha sílaba a traizón baixo o atento ollar dos animais domésticos que enchen os apartamentos das grandes urbes.

sacos de lixo, toneladas de momentos chave, de lugares comúns fechados baixo chaves irrompíbeis imposíbeis de ser utilizadas.

temos tanto de que desprendernos e tantas embalaxes que encher

POR EXEMPLO:

–caricias: «choque frontal de dúas entidades imaxinarias»

–mentalidade: «a miña infancia terriblemente triste porque dar nomes ás cousas era ser todopoderosa»

–desciframento: «berrei canto puiden mais os sabios non me
contestaron»

como construto histórico,
non hai dúbida de que a linguaxe xoga un papel de isolador da
realidade.

cando a linguaxe se materializa fai edificios realmente
impresionantes
con moitos andares e xanelas enormes para que entre a luz

até que por fin chegamos ao maior acontecemento da vida
dunha persoa:

o teu corpo pode ser REALMENTE utilizado como
mapamundi
sen que ti REALMENTE o queiras

–re-coñecemento: «un exército de vacas
no canto da alma,
alimentándose»

benvinguts al centro del món

–a vida á que nós aspiramos é a vida á que ninguén aspira...
–chsssst! un pouco de seriedade cando vaias facer a pregunta
diante do gardián da porta. mais... xa non temos lugar para
ti. terás que te descompór e voltar á vida noutro intelecto.
non lembrarás nada. todo o valor da túa existencia ficará
reducido a unha vaga sensación de existencia, mais sen
existir realmente, sabes?

eu era cativa daquela. puiden pasar por debaixo da porta, porén
pareceume excesivo o prezo.
permanecer quieta, como as manchas grises nas paredes.
–tampouco era así, exaxeras

O ESPÍRITO DA CASA: vamos! non me veñas con que
acreditas na realidade do teu corpo. Astral. Único.
ti, que sempre fuches de espellos, de inconsistencias

o espírito da casa é envexoso.
consentía en que eu manipulase o crecemento da nena.
e dáballle brinquedos, aspiracións

–que escena tan ridícula! un libro? pretendes dicir que ese é o
teu hábitat?–

non, non falo de reflectir a dor, tampouco serviría de moito
reflectila. moitas veces a dor, como un corpo sen

órganos, un gato das profundidades do mundo. a facer
continuamente rizoma coa miña sensación de existir.

(soportábao. o formigueiro nas entrañas)

no centro do mundo só hai unha paisaxe, unha paisaxe desas
de tirar pola sanita. con todo o meu amor e a miña
capacidade de respoſta.

—fica así o meu corpo liberado da natureza, do instinto?

—se atravesei a porta e matei o gardián,

como é que todo continúa no seu sitio?

nunca pretendín ser a heroína desta historia,

dixo a autora, nun arrebatado de humildade.

tiven un desengano amoroso. e o encontro coa miña outra metade, esa promesa de harmonía, de plenitude, fica na memoria do mundo como unha mancha de aceite.

o teu personaxe no xogo virou tolo daquela e asasinou o portador do talismán. non o vira facer nunca antes. gostei da forma en que pronunciabas:

–habitamos en simbiose cos obxectos, ou simplemente dispomos unha orde na cal as cousas significan algo?

–ERRO! ERRO!

–non existes porque non apareces enunciado en ningún atlas, en ningunha enciclopedia (as estatísticas son nese sentido alarmantes...)

por que a Casa ten tantos cuartos cada un coa súa propia vontade?

(a humanidade, en perigo de se atopar de bruços cunha PREGUNTA)

–insisto en que eu, Neleb Evrilo, personaxe de ficción, non son máis que un holograma.

diríase que choveu desde entón, e non hai rastro de ningunha existencia (un gato laranxa de dimensións extraordinarias) temos moitos máis. de varios tamaños. sen exaxerar.

entón saíron os homes-mapa do útero da avoa.

un exército de pallasos, cada un coa súa identificación e coa súa vaga sensación de existencia.

viñeron e chantaron as súas tendas xunto a min.

na deterioración.

historia dos efectos (murallas de Neverwinter)

I

trátase do preludio, da aprendizaxe, da perda,
sentenciou ela, a paisaxe, e acto seguido o peso do idioma
caeume aos pés

(sabía que non funcionaría, o exemplo)

porque o teu pasado e o teu presente me son por igual
contemporáneos.

porque eu son Alicia, a cazadora de acontecementos,
e teño a seguranza de que ningunha pantera máxica acudirá en
axuda

desde o seu plano astral.

—é un engano dos sentidos?

—non, é un engano da memoria.

teño pensado a quen entregarei o meu talismán:

non hai mascaramento nin desmascaramento.

só a luz, no centro.

as definicións, implacábeis.

II

chocou o helicóptero en que viaxabas (iso dicías
ao outro lado do telefone) mais eu
só ando á procura do mapa
poético. o meu, como o de calquera que medra,
que persegue a mobilidade desde o interior
da gaiola, tería que ser o Sublime,
tería que se chamar Revolución.
(como mínimo, luces de
non sei que vixía desde a súa torre, anunciándome)
—serías ti, o meu representante?
o meu enigma favorito:
descansarei en paz?
algún di, seino,
a miña dilatación porá en perigo a túa vida. (por iso os soños
nos cales deixabas a cidade e voabas ao Sur. en setembro.
as voces eñranxeiras)
—digo que non entendo.
(a muller afgá na estación de Urgell,
o seu silencio, ás seis da tarde) e ao escribir sobre este suceso
teño aínda na cabeza os espectros dos aldeáns. os millares
de lámpadas sobre o rostro, diminuto.

na inutilidade de calquera mecanismo
de
crecemento

proxecto de min (e outras)

o poema, estilos e estilos de baleirar o contido de todas as
garrafiñas maneiras de amar,
cunha periodicidade exacta memorizar a vertixe, os beizos a
verteren a palabra venenosa
sobre a imposibilidade da fe
Casa de aldea, tres ou catro mártires inquedos diante do
aparello televisivo
(e cada vez máis, no desexo, na proxección do propio intelecto
para alén das leis da física)
a miña obsesión por contar nubes
e ser capaz de percibir todas as respostras posibles aos climas
oceánicos

—lin aquel tratado sobre a eficacia e cando tornei os ollos fóra
do libro, xa non había nada
nada que puidese equivaler a unha existencia xenuína, real
o absoluto engaiolado na miña boca frenética, o horizonte
aberto entre as paredes da Casa
—enganeime, non era este o lugar perfecto para realizar unha
aterraxe forzosa
o desexo: mais todo é tan pequeno que non vía onde pousar os
pés...
—e se só estou viva para vingar as túas ás?
cada obxecto, unha ausencia, do mesmo xeito ca min, que
nunca quixen servir para nada,
aínda así a serpe sempre me observa con ollos cobizosos mais
eu nunca lle oferezo a mazá,

tampouco penses que a como, xogo a darlle patadas até que
rebenta
adoecendo sob un ceo baleiro de nubes (baleireino eu,
tiña tanta sede)

velaquí o enigma de Parménides, o padecemento das súas
consecuencias

(exemplo de reparto de tarefas)

eu deslocareime para o sur encanto haxa aves migratorias,
estirarei a pel até me converter na miña propia casa,
explicar iso aos alieníxenas que me habitan:
el buit infinit acaba en si mateix i comença en la manca dels altres,
dixo el

a continuación a sucesión das fases do sono, o animal-rizoma
nas puntas dos dedos

–posuirás o meu corpo coa seguranza da túa propia derrota?
é o único xeito que coñezo de acceder ao exterior,
repite comigo: calquera forma de expresión é válida para
transformar a materia,

ningún substrato é inalterábel.

nun planeta lonxincuo, descoñecido: os meus pais,
peregrinando á virxe dos tolos, proxectándose para a frente
con uñas e dentes, calor abafante, era despois da sega, eu
voltara da viaxe cun sorriso perpetuo, xa nunca nada me
pertencería, a non ser a escisión, a división de todo en
partes iguais, e no centro, a negrura

a tornar cegos os animais salvaxes, a aniquilar a posibilidade de
abrir ningunha porta,

todo son entradas, mais ningunha saída!
querías, aínda así, dar a luz paraísos: un por cada membro da
tribo, facer que nunca máis ninguén precisase de ningunha
divindade, sobre todo, de ningunha encarnación de tal
divindade:

(antídoto para espectros, desviación do medo ao avanzo das
tropas inimigas,
ABRACADABRA,
é a cidade mesma quen se move na procura da vinganza)

imposíbel existir mentalmente

revolución: erradicar todos os comezos,
multiplicar os cortes até o infinito

(extraído do comentario ao I-Ching, Libro das Mudanzas)
-e se acontece que todo é metafísica?

-onde residiría daquela o poder contestatario da linguaxe?

-chsssst...

SITUACIONISMO

—queres drogas, pequena?
eu querer, si que quería, mais de aí a saber o significado do acto...

—teño visitado moitos museos,
vivir así, artisticamente, é unha boa maneira de dirixir a vontade
(unha intensa capacidade para o sufrimento)

coro dos alumnos dunha escola rural: San Cristovo de Cea,
Ourense, 1984

–non hai organismos vivos, nin revolución, nin proletariado
–non hai teorías globais, universos de sentido para autorizar o
presente

soa o telefone mais non conteñto

non estou

desfágome en interioridades de doncela guerreira

podendo querer berrar: «si, sei que non son mans de home as
que poden matar o dragón, con todo, estas non son mans
de home»

(non chegar ao punto de xa non dicir eu, senón a ese punto no
cal xa non ten ningunha importancia dicilo ou non dicilo)

eu tamén quero ser exploradora

construírme literariamente

por exemplo:

–os meus pés esmagarán todo o que sexa necesario até que no
mundo só fique a musa esférica que me pariu

–de aí o teu pánico ás superficies planas?

–non sei, cando acordei tiña os petos cheos de rebuzados
(predilección polas linguas minorizadas)

–daquela non hai resurrección posíbel?

–nin morte

todos os momentos da miña vida están terriblemente
condicionados pola lectura de DELEUZE-GUATTARI
(a verdade revelada polas máquinas)

–somos invencíbeis?

- somos
- entón, para que a linguaxe?
- para decidir a historia
- decidir os vencedores e os vencidos?
- decidir o desexo
- está o desexo recollido nalgún compendio ou enciclopedia?
- non, está nas cousas
- naquelas accións que non escolles?
- no acabamento
- na derrota

coro das musas:

non é certo que calquera suxeito poida pórse a si mesmo como
acabamento

nin que a linguaxe en si mesma implique un deterioro

-falas de palabras que producen?

-non, falo de superficies aptas para a deslocación

non hai ningunha ordenación no mundo (ningún territorio
de tanta beleza como a dor)

no acceso ás interioridades, metal incandescente,
materia en estado puro

e espellos cravados en cada palabra
que autorizas

deixarte chegar, paseniño, onda min

e daquela, esnaquizar a torre do vixía

(entendo a filosofía non como enfrentarse ao abismo, senón
como tornarse unha mesma en abismo)

–a súa natureza

–a xeadada

–os obxectos voadores non identificados

–o lume

–os rebuzados de café con leite

–a nai

–o anaco da parede en que deches en identificarte

namoreime do teu eu

non do teu espazo nin do teu tempo

(os obxectos de coñecemento invaden os suxeitos na loita pola
supervivencia)

–na escisión

(é o único xeito de manterse)

–na ausencia da vida

(do que demos en chamar «vida»)

–non, non hai terapia posíbel para xuntar o mundo coa
linguaxe

–o medo a viaxar

–a vertixe da fuxida

que amas o monstro en que me converto, que iso de calquera
maneira non é máis que un produto da convención, un uso
lingüístico, que obviamente non posúes un corpo
(multitude) que en calquera caso é inútil amarte, que me ames

«Mesmo podemos chegar a pensar que a cidade esperta
autómata
que xa non existen corpos ou que unha tecnoloxía
perversa dirixe
o noso método»
ORIANA MÉNDEZ

na imposibilidade do dicir

a sofrer unha e outra vez a mordedura do mosquito heideggeriano presente, pasado e futuro: un bombardeamento de lugares comúns

–non, non eran lugares comúns, eran disfraces comúns,
como habitar unha esfera desde o centro.

crónica da derrota das nacións, de vivir á intemperie na procura
do contrasinal secreto para acceder ao exterior, vertendo
oxíxeno e analxésicos incansabelmente sobre a morea de
cabezas pensantes,

pensas que non me cansa?

–non, non fago filosofía, non fago máis que transformarme,
obviamente sei distinguir o infinito na sombra dos
superherois, torneime tola no teatro aquela vez que
representaba a Penélope, mazás enormes mordidas
por dentes enormes, non esquezas que cada vez que te
enfrentes ao monstro e cortes un dos seus apéndices,
este multiplicarase por dous e así será sempre que tentes
encontrar unha saída ao teu desequilibrio

–por iso sempre son eu quen entra, quen dá a benvida, quen
se vai, quen fica atrás da porta e proxecta unha sombra
aterradora?

cantas veces a beleza foi expulsada do mundo, eu estaba alá,
convertendo en pedra aqueles a quen amaba
lucidez lucidez

acudide todos que se queima a Casa!

no exterior, os corpos a saíren das árbores, dos penedos como
querendo voltar á nai
se é que temos que voltar

ou somos froito da emanación dalgún deus –Solaris:
 brinquedos non quero, quero escisións
e materialización da miña vontade
nalgún eu

acabamento:

facer o amor con todos os pretendentes

situacionismo:

–para serche sincera a miña corrente filosófica preferida sempre
 foi a das viaxes ao inferno

–e se a cuestión fose como subtraer a linguaxe do mundo e non
 como levala a el?

–daquela, todos os meus anos de aprendizaxe na torre do
 vixía...

–e antes de te decatares, xa estás obrigada ao exilio perpetuo
 porque o teu nome representa a aniquilación total do
 poder, da metáfora entendida como poder, do poder
 entendido como vida, do suxeito entendido como
 receptáculo dese poder sen ter dereito (léase vinganza) ao
 seu exercicio

procuro unha resposta definitiva á violencia exercida pola
 palabra, un corpo exento de luz, de raíces,
un habitáculo contra a electricidade, unha intelixencia
 desprovida de memoria

–que ese eras ti, non me fagas rir!

velaquí o meu drama:

coñezo todos os camiños para chegar á verdade mais ningún
 para saír dela

–e quen esperas ser abstraendo o teu corpo de calquera ollar?

—a quen procurarás daquela cando desaparezas por completo?

mentres traducía o xeroglífico que me ofreciches o día do meu
aniversario

o bosque fechouse tras de min,
con todos os outros substantivos

e foi alí onde construí a miña casa
onde o vixía xa non ten escondedoiros, onde todo son ollos,
e, ao redor, suxeito
a min,
o suxeito, é el, non eu,
é a velocidade do metal líquido,
a beleza das metralladoras, un paso a frente e mais a caída,
sempre pintas espectros tan perfectos que consigues inverter o
meu medo,

ruínas

ou ela, nas gadoupas do amante, ferro quente, metal pesado,
sen expectativas,

non son para ti, son para a pérfida linguaxe

son o ferro, a animalia, os vidros, o sangue, o destino, tanto me
ten parir unha besta ou un produto comprado nos saldos,
madría levas ti,

nas grandes superficies pouco profundas:

NON SE PRECISA DE EXPERIENCIA

merda, é o único que teño!

fóra de aí, a apelación á segunda persoa, tanto me ten,
hostilidade e perfección a partes iguais, eu fico coa metade
e coa outra, faíte carne, mais a min non me chames, non

me poñas voz nin lingua nin localización nin acabamento

porque a min
ningunha metáfora
me desloca

NUBES QUE CAEN
EN SILENCIO
COMO INGEORG
BACHMANN

de como o 23 de setembro do oitenta e catro

varrín toda a casa e alimentei as vacas debidamente

–non hai manchas nas sabas nin

no alento, tranquilízate mamá, espello espello espello espelliño-

máxico direiche quen son:

escollerei o trauma que precisas en cada momento, apañarei o

monstro correspondente,

comereino todiño mais serás ti quen leve o seu nome e irás

feliz predicar no deserto.

canta negra meu Deus nesa nube que pasa, mais

é que non a ves?

–APÁÑAA!

(é todo o que lembro)

naquel día

MILLARES DE BALAS EN FUGA

PARA A FRENTE

**para que nada nos separe, cadaquén ha de sentir a
separación,**

así falabas, desde o cometa, e o sal caía do ceo como se voltase
sobre o mundo o desexo de alimentarse.

eu rexistraba con precisión os álbums fotográficos, no entanto,
perdéranse as imaxes antigas de cando me fora posíbel
chegar a cometer crimes: velaí que imito o murmurio
do volcán, a furia dos animais negros por se reflectiren
nas augas do océano, regresei ao Val e tamén á Nabeira e
aínda subín ao monte ao pé do eucalipto e agardei polo
fantasma do avó –ningún cisne ningún máxico sinal
ningún beneficio por dubidar–
sequera crer, se me fose posíbel...

NADA

NO MUNDO HABITADO

é dicir,

NADA

e as veas?

e os artefactos que empregabas para te impulsares para a frente,

as armazóns de voces sedutoras nas mensaxes

telefónicas á metrópole do teu amante imaxinario?

todo, todo, recolléranos todo,

desde o meu secador de cabelo até o maior dos meus

desenganos,

a miña reputación, o meu ser-no-mundo, o meu fondo mariño

(árbores e plantas carnívoras, animais vivos e

mortos escampados polas corredeiras, lumes nos tellados que
representan as almas dos defuntos e a necesidade
que teñen de ser recordados)
e o cazador, no centro, a facer xestos, desesperándose por non
saber manobrar coas redes,
que fermoso espectáculo televisivo,
comunicarse:
en estadios de luz-sombra, sobre todo, moita sombra que
impida o acceso ás interioridades
—e eu a dedicarme a ti, recollendo xelatina dos ollos e da boca
(negro o mar negras as uñas negras as entrañas do mundo
negro o saúdo do asasino ao entrar pola xanela, negro
o seu rostro-espadas semellantes a nós e a todo o que
amamos

que marabilloso sería poder cortar daquela e facelo
transversalmente

no punto exacto do acontecer do acto

COMUNICATIVO

non concibo outra estación,

nin no desexo, a posibilidade real de me asomar á xanela sen
perigo de ser engolida pola gratuidade da paisaxe:

eu a meniña dos lapis subida ao tellado e debaixo, o prato da
sopa (desespereime tanto que fiquei capturada

na

fotografía) e como cobizaba desde o alto chegar a ser
espectadora:

saíndome de dentro unha familia de gatos negros, todos eles
pintores, canto desexo de luz e sombra! daquela,

na inutilidade dos corpos, percorrer o Val, meu amor, o Val do
que che falei, a nosa leira de millo de valor

incalculábel, o disparo, o animal morto perante os meus ollos e
acto seguido, a transmutación dos valores

nada por aquí nada por alá:

un dragón sen cabeza,

PERIGO

(xa o xamán da tribo profetizara que a aldea sería tarde ou cedo
destruída pola furia do volcán, iso sempre e

cando os habitantes da tribo non deixasen de ser seducidos

polos beneficios económicos do turismo sexual: de corpos,
extensións de espigas douradas,

canta lentitude, e soar de campañas, e anestesia...)

todo isto pensaba Bloomfield

entretanto pintaba os socalcos brancos e rosas ao pé do monte

Tarawera

(NINGÚN)
UNIVERSO POÉTICO

**non escribo para expresar nada, sei que é imposíbel abrir
camiño ao exterior,**

baleirarse a través da linguaxe

escribir é o meu xeito de morder, de me alimentar

**ESPELLO MÁXICO (OU ANACOS DE FELICIDADE
EXPULSADA A TRAVÉS DA PEL):**

sobre todo, rexeitar a felicidade, non acreditar na beleza,

limitarse a alimentar a selva desde as profundidades da
selva

ESPELLO MÁXICO (a parte do xeo, da permanencia, as
torres defensivas, as armas contra o paso do tempo)

KURTZ (a parte do amor, invencíbel, polo coñecemento)

(non esquecer):

1. a miña máscara irrompíbel para me asomar aos abismos

2. son calquera cousa excepto un recipiente para a dor

p.d. tal como continúan intactos os meus debuxos nas paredes,
os ideogramas, a boneca partida pola metade, xusto no
instante de morder

KIRTASH,

invadín o teu corpo

KIRTASH,

obviamente eu, a serpe,

quérote.

neverwinter nights (ou o soño do vixía na torre do método cartesiano)

I

e residir aquí, na vertebración da memoria,
a igualar os vértices, a me alimentar de espellos, de obxectos en
suspensión sobre os mares do Leste, acadamos pel, ollos,
órganos sensíbeis abondo para nos manter afañados da
vida, superficie

lenta

que non esconde nada

porén ti teimas en continuar a proxectarte para a fronte

malia a imposibilidade do contacto

malia o enigma que ameaza as nosas bocas

contemplación da esfinxe

aniquilación dos espellos, mais tamén e sobre todo do que

puiden haber ao outro lado

o lugar exacto onde debemos botar áncoras, raíces, pés e

desertos, días de nubes negras e pan negro

e bocas negras como certeza

de que nunca existiches

non había luz, nin sequera devezo pola deslocalización

ningún poema serviu ao mundo de alimento

ningún acto foi aínda realizado en contra do sentido

II

buscádeme entre os desexos infundados, dixo a autora, entre a pólvora e os espellos innumerábeis que constitúen o meu ser-no-mundo (o meu desexo de devorar o xenio maligno, as súas intencións de me facer invulnerábel)
que a linguaxe non me pertenza, que non se me acaben aínda os rebuzados de café con leite, a bóveda celeste, os longos pasadizos que levan ao monstro máis forte e máis difícil de vencer

ante todo, manterse na divagación, non acreditar en ningún inimigo, na existencia de ningún inimigo, somos fértiles como a terra que sometemos (eu, coma vós, tamén pertenzo á xeración perdida que medramos entre os penedos e as leiras, na procura dun idioma partillado (léase sede de vinganza)

dongfang hong, taiyang sheng,

(na aprendizaxe, no camiño a Ítaca, na tolemia: ser feliz sen inmutarse)

situacionismo:

o oriente é vermello, sae o sol e caen os corpos en fileiras sobre os eidos (a miña avoa regaba o millo erguida contra o horizonte, sen peñanexar,

quería ser a meniña das longas trenzas, obviando a negrura que medraba debaixo dos seus pés)

son unha persoa, non un entendemento puro nin un produto
da economía de mercado!
berraba, mais por fóra do libro, a túa existencia redúcese a un
lixreira vibración do motor,
causa-efecto causa-efecto causa-efecto

de ser quen de comprender a besta

(negación) da transcendencia

agora terás que descer aos infernos, procurar a salvación da
man do Indicíbel (acólleme no teu ser, agora que o meu é
–desintegración
–da mensaxe
–decreto de espellos enfrentados na loita pola supervivencia da
representación
as túas mans limitan o territorio dos meus pensamentos,
materializan todas as impurezas,
alimentan a beŝta, espetan cravos nas paredes da memoria para
disimularen a dispersión,
a vontade de Poder que en min se traduce como vontade de
Morte, de Diferenza

XENIO MALIGNO (saíndo do espello) teño que recoñecer
que ela non di sempre a verdade, que a súa beleza é froito
do desexo insaciábel polo coñecemento, esa beleza que
ti obedeces, as rabuñaduras no espazo-tempo, as lagoas
de memoria que permiten vivir cada instante como unha
eternidade. teño que recoñecer que ela é perversa, que non
ten medo aos teus fundamentos sólidos, aos teus valores
adquiridos nunha busca febril de Sentido

BESTA SALVAXE QUE INUNDA OS CAMPOS as
colleitas non son máis que o desexo vertido na terra, a
procura do infinito no balde do tempo, un tempo alleo ás
nosas representacións, ás nosas ilusións de permanencia,
e que por iso, tamén, constitúe a única posibilidade de
acceso á EXISTENCIA

—merda! dixen a palabra maldita

(o xenio maligno rebélase contra o espello,
perverte a súa esencia,
esgota a súa aparencia,
dálle unha consistencia teórica,
é vencido,

vence)

esbozo de carta de amor (definitivamente, aniquilación da Musa)

viches como a serie de acontecementos non conseguiu apagar
os teus pasos
e corriches canto puideches para entrar a tempo no círculo,
mais o outono traía
ollos cheos de rabia, ollares e ollares a devolveren o xeo que
botaras pola boca ti,
canto animal debruzado no espello, cantos paraísos e
fertilidade e nocións claras e distintas das cales dispuñas
como se os planetas e estrelas todos respondesen á túa voz,
vidro quente, metal líquido, unha vez cazado o demo que
te pariu, xa nada che parece imposíbel, xa nada pertence
a ninguén, unha sólida paisaxe, unha nube desas de sabor
incerto, o teu pasado cartón-pedra-tesouro, o material
erótico da princesa na torre do método cartesiano,
logo coñecín un pintor sen armas e así era, así, todo el cara
ao horizonte, e amei nel a negrura, e a derrota, e os
nomes, AUTUMN TEARS, FOSCOR, IN FLAMES,
LACRIMOSA, NARSILION, bocas a aseguraren unha
redención innecesaria, velái porque deixei aquela fe, a
flor atravesando o coitelo, a proximidade, NUMEN,
idioma ferido pola beleza, beleza destinada a morrer nos
ollos do espectador, e converterse en mensaxe, quérote,
ANIMAL HUMANO, RACIONAL, ESPELLO
INMUTABILIDADE SEXO SEN ARMAS SEN
ALMA SEN nomes, os nomes

era preciso crear un universo para traerte outra vez á memoria,
NUMEN, o meu amor polo deus hañado,
eras ti,

na ausencia de voces, de linguas, de luces de neon, de cores
brillantes, obtiven a alta médica e mudeime ao interior do
volcán, así quentiña, paso todo o día a esmagar

a materia da cal están feitos os soños

CAMIÑO A ÍTACA (traxedia en tres actos)

I

recuperando a vida, na linguaxe:
unha certeza de insectos, unha pel de dous mil anos sobre os
meus órganos-espellos
vendereime, serei fiel, infiel, serei lanza e espada e mais a noite
nos tellados (título do filme en que os vellos e vellas da
aldea botaban uns contos ao redor do lume)
non eran as ánimas, non, era a encarnación do mal, o verbo
divino, a verba divina, todo mentira, tanto me ten o sexo
que outorgues ao discurso,
nin que digas: un tesouro!
atopei un tesouro! e berres con forza
berrabas canto podías no entanto ninguén máis tiña daquela
ollos-voz

e agora tampouco é diferente.

«debo afañarme:

saír da bioloxía, permanecer no corpo»

CHUS PATO

II

nas pálebras, a rebordar de líquidospoema, voz,
entendementofértil, a miña é unha sabedoría devaštada,
un exército de fantasmas recortados sobre o papel
—o que leo, se non me doe, tampouco me alimenta
(o entrevistador olla para min arrepiado, e eu
apenas son quen de repetir que é o tempo—máquina o que
permite abrir o horizonte (revolver as entrañas ao
horizonte)
romper a voz,
romper a mensaxe, romper a comprensión da mensaxe
e facelo tantas veces como faga falta

que a miña dor, como a de calquera, é inédita
que escribir non é máis que un medio de transporte para a dor,
non a súa expresión
que o corpo é o campo de batalla en que a sabedoría vén ao
mundo
(porque de aquí en diante será máscara todo canto pronuncie)

«ninguén fóra de aquí pregunta por este lugar mordido
e se o fan,
as feridas esquivan as bocas dos interesados»
MARÍA LADO

III

materia ígnea pensaba ela,

e se non es ti, onde atoparte?

materia ígnea, os gatos espaxados polo chan como plantas
carnívoras

o mobiliario inexistente loitando por saír da túa cabeza
por iso fas tanto ruído cando non te vexo?

gardando espazos para a dor, e navallas e coitelos
en xeral calquera obxecto afiado

navegaría eu se tivese veliñas para navegar

por este río, pola extensión de herba, rozando o límite da
existencia

conxugar os verbos, os planos astraís, a expropiación
e mais a pertenza.

cantas pedras recolliches hoxe?

con elas construírei a nosa casa,

é dicir, o campo de batalla

amo o monstro en que te convertiches, a paisaxe baleira, o
enorme dragón coas ás apegadas

á superficie do sol

(dos teus ollos saíu a neve que me afoga)

se saio de min só é para responder ao enigma, non porque estea
namorada da Esfinxe.

na lingua o paso lento da formiga exploradora que ao me ver
pensou en min como nun
universo fértil

o camiño a Ítaca non era o camiño ao poder,
nin sequera o camiño ao coñecemento,

o camiño a Ítaca é o camiño á servidume

PRINCIPIOS
DA VIDA NÓMADE

(ante todo, isto que ves non é un libro, é un gardachuvas por
riba das nubes,
é un enigma que viaxa)
recordos apañados ao pé da montaña:
LINSHAN: ti eras o horizonte e eu a fuxida
enchendo a paisaxe de libros de Conrad, Joseph, a atalaia, o
miradoiro de Certezas, o contador de visitas ao psiquiatra:
o meu problema non é máis que unha exaxerada
predilección polo SILENCIO
(enchendo a boca de tebras) tamén o inverno podería ser un
hábitat
contra as paredes da Casa: millares de habitantes, millares de
balas disparadas en todas as direccións
(o obxectivo, romper a voz, romper a mensaxe, romper a
comprensión da mensaxe)

reproducir os cortes, a pel negra (o desexo)
a necesidade dos abismos

PATRIA (invocación e renuncia)

comezar a andar até poder establecerse na ferida
S.O.S.

Que emoción ao descubrir pola primeira vez que o meu corpo
era unha aeronave, e que podía facer que todo dentro de
min acontecese! no exterior, os autocolantes de cores que
representan as distintas partes do meu corpo e os buracos
negros tan necesarios

con frecuencia tendo a ocupar o sitio doutras persoas,
e que foi o que lin hoxe sobre a imposibilidade da mudanza?

(a través do xeo as verdades saben menos a derrota)

deterse de súpeto perante a lonxitude do propio entendemento,
considerar o propio peso, desesperarse, e finalmente
deixarse caer, dándolle forma redonda aos pensamentos e
ás decisións:

NON ÁS SUPERFICIES PLANAS!

adecuar o mundo interior ao exterior supón a fe na esfericidade
do EU: un EU liso e brillante, cos seus mares e
continentes e sobre todo illas, moitas illas con tesouro e
montañas asolagadas

velaqué a xeografía do EU, o traballo para facer dos corpos
estancias dedicadas á fugacidade e ao sono

tantas conversas co meu lado escuro: pan negro nos beizos e na
alma (unha escena en que a caída
nunca ten lugar aínda que non deixa de producirse e de ser real
aos ollos de quen olla para ela)

caer sen saber o significado do acto nin o alcance das súas
consecuencias

porque sempre que os feitos nos arrastran á acción ocorre que
non hai ningún sinal ou algo que se lle pareza, non hai
senón tantos horizontes cada un deles co seu sol e a súa
vontade de existir

así foi como botei fóra o senso común e fixenme mutante:
porque o libro das mudanzas prognóstica sempre a
derrota, e é a nós, os mutantes, a quen corresponde asumir
a atracción fatal pola nada,

no supor de que sexa a nada o que nos compete, e non as
 cousas.

as cousas teñen a súa propia autoconciencia e para iso non
precisan estar cubertas de pel.

cada opción, co seu corpo sen órganos, único, intransferíbel
aínda que gostemos tanto de xogar aos vestidiños coa
palabra «posibilidade»

se non hai mapas nin lugares reais nin camiños que nos leven a
onde queremos ir

daquela será cando poidamos facernos camiñando

(nin infinitivo nin participio: xerundio,

CONSTANTEMENTE XERUNDIO

alle@s a calquera localización, a calquera acabamento

nunca en ningures, nunca n@s mesm@s, nunca nada nada nada

máis que medios de transporte

(cheos ou baleiros de contido, mais veloces)

ACONTECENDO

(paisaxes en fuga para a fronte)

Fotografías

virou tola a musa dentro de min
e os ratos saíron a feŕstexalo xantando nas consciencias dos
habitantes da cidade-país (un exército de ratos contra un
exército de cabezas pensantes
velaquí a teoría do significado)
eŕtraña é a linguaxe dos sobreviventes,
eses dos cales falarán as cancións cando
ningunha voz (léase cámara fotográfica ou desexo de ser
fotografada para a posteridade) se nos impoña sobre o
desexo
alternativa:
ollos de gato con amorogos
facer o amor por riba das nubes
e debaixo
palalalabras

Negativos

desde a realidade que lle impón nomes á vida:
LIPPEN-SCHWELLGEWEBE der Du-Nacht,
e tamén beizos, tecido-eréctil da noite-ti.
presentir algo semellante,
como sobrevivir daquela,
senón na devastación, na ferida

amplo sería o mundo de haber cómo e ónde e de quén e por
qué ACORDAR
cando

Copias

1. lentes escuros para ler a Paul
2. unha xanela, un ruído de sabor-tempo
3. non te entenderán. nin que lles expliques o peso das balas
que devecen por ser utilizadas
4. as cancións de Kitsch polo sumidoiro
5. un bosque ardendo a modo de parede

(significar é unha maneira das moitas que ten a pornografía:
un acto público con independencia de que os espectadores
sexan ou non visíbeis, obxectivamente existentes)

dixéronme: ti se existes, é por seres todopoderosa

e eu afoguei toda a beleza do bosque no ollar
o asedio foi duro, acabáronsenos a pólvora,
o chocolate con leite, as lecturas de Tolkien, de Pavese,
Charenton, o Libro das Mudanzas, as ruínas, a memoria, os
coitelos

permanentemente a voz, SOMOS INVENCÍBEIS, a voz nos
límites do entendemento, os xiros do yin e o yang nas
nosas bocas acendidas, o bosque que tamén é palabra e
velocidade e soño e terra mollada e morte.

aquela casa co seu cheiro, aquel anel máxico
e eu veña a tecer máquinas, arañeiras,
comprar o pan cada mañá, cocelo, desfacelo na boca
velaqué o meu xeito de habitar a realidade
(a dureza)

a máquina prehistórica –amorpunk– despois viñeron os soños,
a materia

en suspensión:

non situarse onde os espazos desexan eles mesmos liberarse e
non seren liberados

–se a linguaxe é o poder, non a ferramenta senón o poder
mesmo

–mais que é o poder senón unha ferramenta?

contra a escrita:

1. tapar os ollos, irse baleirando

2. até non sermos senón igual a nós mesmas:

detonación

velocidade

pranto

todopoderosa

materia

deriva da musa (ou tamén oda ao ocaso do pensamento occidental)

cabelo trezado

nun mar de coitelos, a princesiña navega, vai recitando versos
de Heráclito

(a mazá está podre demais para suscitar a miña cobiza, iso si,
manteño intacta a sede de vinganza)

a princesiña navega: teño unha vida maravillosa, escenifícome a
cada instante, deixo moitos espazos en branco para ser ben
interpretada (para que entres)

palabras pequenas en bocas pequenas, xente pequena, encollida
pola saturación de luz,

pola crueldade da paisaxe,

todo poema quere ser un territorio, irse erosionando,

mais ningún experimento sintáctico abonda para comprender
que calquera xeito (que apagues) é inútil, calquera palabra (que
autorices) é inaceptábel

rumor de mar, a princesiña navega

o público pasa desapercibido

xa non digamos o espectador, esa especie ao límite da extinción
(e do que a partir de aí se deduce)

—extinción da paisaxe

cabelo trezado

nun mar de coitelos

até cando pagarás coa vida o teu nome?

na cadeira incómoda, verbos intransitivos, léase amar,
fugacidade, ti
o espello freudiano
o espello da emperatriz Wu Zetian
lonxe de si, saudando o séquito de pretendentes, bebendo o
sangue aos antepasados
(e aos contemporáneos, a memoria)

afogar de referencialidade
alá onde os signos se extinguen
onde o éxodo non está en se mudar ao alleo senón en se
internar no propio

os meus dedos xa sinalaron o camiño
xa redondearon as formas
xa produciron sal, asimilación de derrotas, cantigas das vellas,
arte, sexualmente
falando, na vertebración da paisaxe: andei até esgotar as
causas e as consecuencias, da fe non falarei (de nada serve
proxectarse, calquera parto é unha forma de alleamento,
obviamente
nada me é propio, a non ser a constatación do veneno,
a dozura a expandir o meu corpo en todas as direccións)

despois viñeron os soños, os itinerarios exactos da viaxe ao
monte Tai, e como alí inſtauraches o altar á fertilidade, o
culto á razón, aos innumerábeis
espellos

contra a escrita, contra as ansias de comunicar, de ocupar
efectivamente un hábitat
(léase nación, lingua, territorio)

MANIFESTO: o noso será un tempo-máquina ou non será,
un presente erguido contra o horizonte, un idioma mutante,
un poema exento de raíces

ESTA PRIMEIRA EDICIÓN DE 300 EXEMPLARES
DE 'MÁQUINA DE GUERRA' DE RAIDA RODRÍGUEZ
MOSQUERA, COMPOSTA EN CASLON 10,5/13,5
SAÍU DO PRELO EN
MARZO DE
2009





*contra a escrita, contra as ansias de comunicar, de ocupar
efectivamente un hábitat
(léase nación, lingua, territorio)*

*MANIFESTO: o noso será un tempomáquina
ou non será,
un presente erguido contra o horizonte, un idioma mutante,
un poema exento de raíces*

Raida Rodríguez Mosquera (Ourense, 1980) gañou o primeiro premio no XIX Certame Rosalía de Castro (2005). É licenciada en Filosofía e actualmente reside, estuda e traballa en Barcelona, onde ten participado en diversos actos poéticos. A consigna: erradicar todos os comezos, multiplicar os cortes até o infinito.